

Secretaría

COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE
SAN XURXO DE SACOS

ESTATUTOS



Aprobados pola Asemblea Xeral extraordinaria o día 14 de setembro de 2014.

Con data 10-10-2014, foron rexistrados no nº 1053 e en cumprimento do disposto no art. 10.2 da Lei 13/89, de 10 de outubro, do Parlamento de Galicia, os Estatutos que reflicten a administración e funcionamento dos montes comunais de SAN XURXO DE SACOS, Concello de COTOBANE, Pontevedra, 22-0CTUBRE -2014

ÍNDICE

CAPÍTULO I	Disposicións xerais
CAPÍTULO II	Actos de disposición
CAPÍTULO III	Dos comuneiros titulares
CAPÍTULO IV	Perda de condición de comuneiro
CAPÍTULO V	Dereitos e obrigas dos comuneiros
CAPÍTULO VI	Participación dos aproveitamentos
CAPÍTULO VII	Distribución das cargas e débedas
CAPÍTULO VIII	Modalidade de aproveitamento
CAPÍTULO IX	Aproveitamentos
CAPÍTULO X	Órganos da Comunidade
CAPÍTULO XI	Asemblea Xeral de Comuneiros
CAPÍTULO XII	Xunta Rectora
CAPÍTULO XIII	Outros Órganos da administración
CAPÍTULO XIV	Responsabilidades dos órganos de goberno
CAPÍTULO XV	Impugnación dos acordos dos órganos de goberno e facultade da comunidade para revocalos
CAPÍTULO XVI	Elección de cargos da Xunta Rectora. Das eleccións
CAPÍTULO XVII	Extinción da comunidade
CAPÍTULO XVIII	Disposicións transitorias
CAPÍTULO XIX	Disposición final

CAPÍTULO I.- DISPOSICIONES XERAIS

ARTIGO 1.- Os presentes Estatutos teñen por obxecto regular o desfrute e aproveitamento dos Montes Veciñais denominados **Montes de San Xurxo de Sacos**, dos demais montes que os veciños comuneiros de dita parroquia, excepto o lugar de Fentáns, e polo costume, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, do Parlamento Galego, e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como na Lei 2/2005, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.

ARTIGO 2.- As normas contidas nos presentes Estatutos inspíranse nos usos e costumes tradicionais observados para regular o aproveitamento e desfrute dos referidos montes. Non obstante, se se demostrase a existencia de usos e costumes non recoñecidos nos mesmos serán respectados e poderase pedir por calquera parte interesada a inclusión nos presentes Estatutos, xa que unha vez probada na súa debida forma a súa tradicional observancia, e en razón da conformidade co artigo 38.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia, son de preferente aplicación, por imperativo da Disposición Final 23 da Lei 13/89, de 10 de outubro, en relación coa Disposición Adicional cuarta na que se recoñece á parroquia como marco na forma que establece os arts. 27.2 e 40.2 do citado Estatuto de Galicia.

ARTIGO 3.- A titularidade e o aproveitamento dos montes corresponde á Comunidade de comuneiros da parroquia de San Xurxo de Sacos, excepto o lugar de Fentáns.

A Comunidade ten plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos, sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como para a súa administración e disposición; podendo exercer na vía xudicial e administrativa cantas accións se precisen en defensa dos seus específicos fins. A representación da Comunidade corresponde á Xunta Rectora e a desta, ao seu Presidente, podendo, por tanto, o devandito Presidente, defender o acervo comunitario, en casos urgentes, pondo en coñecemento da Xunta Rectora e da Asemblea Xeral, que máis proximamente se convoque, o exercicio das accións esgrimidas, para que o colectivo as ratifique ou as impugne. Todo iso sen prexuízo das facultades que a cada comuneiro outorga o art. 17 da Lei 13/89, de 10 de outubro, no caso de que o Presidente non exercente as accións precisas como lle está encomendado.

Ademais, a Comunidade ten plena capacidade xurídica para a realización de actos e negocios xurídicos vinculados á adquisición de novos terreos que redunden no beneficio da comunidade veciñal.

Os obxectivos esenciais da C.M.V.M.C. de San Xurxo de Sacos son a xestión, a protección e a defensa dos terreos dos que é titular, velando pola súa conservación, limpeza, integridade e o adecuado aproveitamento dos seus terreos, evitando tanto a degradación como o seu deterioro ecolóxico, garantindo a paisaxe, o ecosistema e o fundamento da propiedade comunitaria para as xeracións futuras. Igualmente impedirá a extracción abusiva de calquera dos seus recursos, en consonancia co artigo 28 da Lei de M.V.M.C. 13/1989. Asemade constitúe obxectivo da Comunidade o desenvolvemento da parroquia de San Xurxo de Sacos para benestar dos comuneiros e das súas familias integrando o monte na vida social.

ARTIGO 4.- Os referidos montes son indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables, e non están suxeitos a tributación algunha nin ás cotas de Seguridade Social Agraria.



[Handwritten signature]

CAPÍTULO II.- ACTOS DE DISPOSICIÓN

ARTIGO 5.- CESIÓN

Non obstante o disposto no artigo anterior, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuito, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins, que redunden de modo principal en beneficio directo da Comunidade de Veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1 da Lei 13/1989 de 10 de outubro.

A cesión poderá ser por tempo indefinido a favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia Comunidade de Montes, en tanto se mantenga o fin para o que foi feita tal cesión; e por un prazo máximo de 30 anos se é a favor de particulares.

No caso de cesión dunha parcela para un uso que supoña a creación de postos de traballo, a Xunta Rectora deberá procurar que, dentro das posibilidades profesionais, teñan preferencia os veciños da parroquia de San Xurxo de Sacos.

ARTIGO 6.- EXPROPIACIÓN

1.- O monte veciñal só poderá ser obxecto de expropiación forzosa ou impositivelle servidume por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ós do propio monte veciñal.

2.- O importe das cantidades aboadas pola expropiación ou servidume deberase destinar á inversións para a conservación, mellora, protección, acceso e servizos no monte, e o financiamento de obras de infraestrutura e servizos públicos ou de interese social, ou, na súa imposibilidade, repartilo entre os comunelros, de acordo co que estea previsto nos Estatutos ou co que decida a Comunidade segundo as maiorías previstas no artigo 18.1 da Lei 13/1989.

3.- Se como consecuencia da expropiación quedase todo o monte fóra da titularidade dominical da Comunidade, esta subsistirá para o exercicio dos dereitos que caiban e como titular do eventual dereito de reversión.

ARTIGO 7.- OCUPACIÓNS E SERVIDUMES

Poderanse establecer ocupacións e servidumes, logo do expediente no que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública que cualifica o monte.

ARTIGO 8.- DEREITOS DE SUPERFICIE

1.- O establecemento de dereitos de superficie terá carácter temporal e cos seguintes prazos:

- Ata 30 anos no caso de que sexa con destino a instalacións ou edificacións.
- Ata 10 anos en cultivos agrarios, logo de autorización da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural cando supoña cambio de masa forestal a produción agraria.

c) O número de anos coincidente coa rolda da especie plantada no caso de arborado, debéndose fixar no documento correspondente o número de anos máximo no que se deberá proceder a corta do arborado.

2.- A constitución deste dereito formalizarase en escritura pública, que deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade, será transmisible e susceptible de gravame e reversione polo título constitutivo do dereito, polos presentes Estatutos e, subsidiariamente, polas normas do Dereito Privado.

3.- Se o dereito de superficie afectase só a unha parte do monte veciñal, deberase practicala correspondente delimitación para os efectos de instrución daquel dereito.

4.- De común acordo, a Comunidade de Montes e o titular do dereito de superficie poderán prorrogar este dereito, antes de caducla-lo prazo para o que foi establecido e sen separar aqueles fixados no apartado primeiro deste artigo.

5.- A extinción do dereito de superficie, por transcurso do termo, provocará a de toda clase de dereitos reais ou persoais impostos polo seu titular.

6.- Se por calquera outra causa se xuntasen na mesma persoa os dereitos de propiedade do solo e os de superficie, as cargas que recaesen sobre un e outro dereito continuarán gravándose separadamente.

ARTIGO 9.- PERMUTAS

Cando razóns de utilidade ou interese social da Comunidade así o aconsellen, poderá esta, dándolle conta ó Xurado Provincial de Clasificación, permutar terreos integrantes dos montes veciñais en man común, por outros terreos limitrofes que sexan de valor similar. O establecemento das permutas requirirá informe favorable da Consellería de Medio Rural sobre a similitude do valor dos terreos permutados e a proximidade dos terreos que se vaian permutar.

A Comunidade propietaria dará traslado da permuta, nun prazo máximo de dous meses, á Sección Provincial do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, xuntando a seguinte documentación: certificado do acordo da Asemblea Xeral favorable ó dito acto, copia auténtica do documento público no que se plásmese o contrato e informe favorable da delegación provincial referido á real proximidade e semellanza de valor, e plano topográfico das parcelas que se permutan. Tamén se lle dará conta ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en man común.

ARTIGO 10.- ARRENDAMENTOS

O Monte poderá ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto na Lei 13/1989, no seu Regulamento, e no Código Civil. O período contractual non poderá ser superior a 11 anos. As melloras e instalacións que se poidan derivar do arrendamento quedarán de propiedade da Comunidade de Montes ó remata-lo prazo pactado, sen compensación algunha para o arrendatario.

De común acordo, a Comunidade de Montes e o arrendatario poderán prorrogalo arrendamento antes de expira-lo prazo para o que foi establecido, e sen supera-lo límite establecido no Regulamento de montes veciñais en man común.

ARTIGO 11.- CONCENTRACIÓN PARCELARIA

As parcelas resultantes das operacións de concentración parcelaria que se adxudiquen á Comunidade de Montes e antes non fosen monte veciñal en man común pasarán a selo. Esta

reorganización da propiedade comunícaráselle ao Xurado Provincial de montes veciñais en man común, que integrará a superficie concentrada de monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión de dito monte, e o que o comunicará ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar os asentamentos de inscrición oportunos.

ARTIGO 12.- ADQUISICIÓN DE TERREOS

1.- A Comunidade de Montes terá dereito de adquisición preferente tanto das superficies estremeiras, cuxa integración permita unha diminución ou mellor definición do perímetro do monte veciñal, como dos seus enclavados. No caso de que se exerza o dereito de adquisición preferente e unha vez consumada a adquisición, comunicárase ó xurado provincial de montes veciñais en man común, que integrará a superficie adquirida ó monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión de dito monte, e que o comunicará ó correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inscrición oportunos.

2.- O precepto dereito de adquisición preferente dos montes veciñais en man común rexerase polo disposto nos artigos 3.4 e 5.º do artigo 56 da Lei 7/2012, de Montes de Galicia.

3.- As adquisicións de terras por compra deberán ser motivadas pola Comunidade no cumprimento dos seus fins, no interese xeral das persoas comuneiñas, na defensa dos seus montes e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, e requirirá da autorización previa da Administración forestal, que deberá resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos. No caso de adquisición por doazón, non será precisa a devandita autorización.

4.- Aqueles adquisicións obtidas pola Comunidade con anterioridade á entrada en vigor da lei 7/2012, de Montes de Galicia, comunícaranse ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, que integrará a superficie adquirida ó monte veciñal, con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do devandito monte, e que o comunicará ó correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inscrición oportunos.

CAPÍTULO III.- DOS COMUNEIROS TITULARES

ARTIGO 13.-

1) Terán a condición de veciños comuneiros aquelas persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da parroquia de San Xurxo de Sacos, excepto as situadas no Lugar de Fentáns, conforme ó disposto no artigo 61 da Lei de Dereito Civil de Galicia e no artigo 3.1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro.

2) Cando varias familias habiten na mesma casa será considerado comuneiño, ós efectos dos presentes Estatutos, o titular de bens, e se son varios, o que ostente a titularidade da maior parte dos bens, ou outra persoa en quen delegue, por escrito, previa comunicación á Xunta Rectora. Esta persoa terá a capacidade de elixir e de ser elixido ós cargos desta Comunidade.

3) Os veciños comuneiros que leven vivindo máis dun ano en réxime de aluguer no mesmo domicilio, poderán obter a calidade de comuneiño, previa solicitude á Xunta Rectora.

4) As casas ou edificacións que posúan división horizontal entenderanse con porta aberta, tantas como figuren no Rexistro da Propiedade -baixo, primeiro, segundo, terceiro, cuarta, esquerda, etc.- obtendo un representante de cada unha coas posibilidades de ser comuneiño de acordo cos apartados 1 e 2 do presente artigo.

5) Para acreditar os dereitos ó desfrute e aproveitamento do Monte Común, bastará con figurar no Libro Rexistro aberto a estes efectos.

ARTIGO 14.- A Comunidade de Montes entenderase composta polos veciños que a integren en cada momento. Considerárase un só comuneiño por cada unidade económica, produtiva ou de consumo, isto é, por cada casa aberta.

ARTIGO 15.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE COMUNEIRO

1.- A condición de comuneiño, con pleno dereito a participación dos beneficios e cargas da Comunidade, adquírese exclusivamente por cumprir os requisitos do artigo 61 da Lei de Dereito Civil de Galicia, isto é, por ser persoa titular dunha unidade económica, produtiva ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da parroquia de San Xurxo de Sacos, excepto o lugar de Fentáns.

2.- Todas as persoas que consideren reunir os requisitos establecidos no apartado anterior, deberán solicitar por escrito á Xunta Rectora a súa inscrición no rexistro de comuneiños. Recibidas as solicitudes pola Xunta Rectora, a mesma habérase de comprobar a concorrencia ou non das circunstancias determinantes da condición de comuneiño na persoa do solicitante, podendo esixir do mesmo os documentos que estime convenientes a efectos de acreditar a concorrencia dos requisitos. Examinada a solicitude, a Xunta Rectora elaborará unha proposta (de admisión ou inadmisión), procedendo a dar conta da mesma na seguinte Asemblea Xeral que se celebre, sendo esta quen deberá resolver a solicitude de alta, e polo tanto que acordará e aprobará a inclusión do solicitante como comuneiño. Na Asemblea se lle dará audiencia o interesado, se este o solicita.

3.- Igualmente, calquera comuneiño poderá opoñerse a inclusión no rexistro dos veciños que considere non aptos, ó non reunir os requisitos estatutariamente esixidos, elevando a oportuna reclamación diante da Asemblea Xeral, que habérase de resolver.

ARTIGO 16.- A efectos do artigo anterior, entenderase adquirida a veciñanza sempre que veña habitando en casa aberta e con fumes, e se teña residencia habitual independente na parroquia de San Xurxo de Sacos, excepto no Lugar de Fentáns. Establecese un prazo mínimo de residencia para adquirir a condición de comuneiño dun ano.

ARTIGO 17.- Non se poderá eximir o cumprimento do requisito de residencia habitual salvo causas xustificadas, e sen que a exención poida superar os dous meses en cada ano natural, segundo o disposto no artigo 61.4 da Lei de Dereito Civil de Galicia.

ARTIGO 18.- Entenderase por residencia habitual a residencia fáctica na parroquia de San Xurxo de Sacos excepto no Lugar de Fentáns, con carácter efectivo e continuado e con vocación de permanencia, existindo un arraigo real e verdadeiro no lugar, tendo unha veciñanza estable e duradeira, que se pon de manifesto coa posesión cunha casa aberta "con lume e fume".

CAPÍTULO IV.- PERDA DA CONDICIÓN DE COMUNEIRO

ARTIGO 19.- A condición de comuneiño pérdese por calquera das seguintes causas:
a) Por deixar de cumprir algún dos requisitos previstos legalmente para ser comuneiño.
b) Por preche de casa.

- c) Por deixar de residir habitualmente na parroquia de San Xurxo de Sacos.
- d) Por falecemento do titular.
- e) Por renuncia escrita do titular.
- f) Por falta de asistencia, non xustificada, a tres Asembleas consecutivas.

A condición de comuneiro perderase dende o momento en que se deixen de cumprir os requisitos esixidos para a integración na Comunidade de Montes. En todo caso, a perda desta condición deberá ser acordada pola Asemblea Xeral, traia súa inclusión na orde do día, con expresión individualizada das persoas afectadas e sempre con audiencia destas.

ARTIGO 20.- A perda da condición de comuneiro non impedirá volver a recuperala, unha vez concorran os requisitos necesarios para ostentar novamente dita condición.

ARTIGO 21.- A condición de comuneiro é un dereito de carácter persoalísimo e independente, e, polo tanto, intransmisible. En consecuencia, o falecemento ou morte dun comuneiro non suporá a transferencia inmediata desta condición ó cónxuxe ou parella de feito co que convívise; nin ós herdeiros que sigan habitando na mesma casa do causante. A transmisión da condición de comuneiro devirá en nula de pleno dereito, por ser contraria á Lei.

Finado un comuneiro, extinguirase automaticamente a súa calidade de veciño-comuneiro, causando baixa do Libro Rexistro de Comuneiros.

Os herdeiros e demais causahabentes poderán solicitar á Asemblea Xeral a súa inclusión como novos comuneiros, segundo o procedemento previsto no artigo 15.2 dos presentes Estatutos, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos para integrar a Comunidade.

ARTIGO 22.- No caso de transmisión inter vivos ou mortis causa do uso e desfrute da totalidade dos bens que pertencen a un comuneiro, que perde por tal motivo a súa condición, o adquirente non terá dereito a integrarse como membro da Comunidade ata que cumpa os requisitos esixidos legal e regulamentariamente para ser comuneiro. As transmisións parciais non extinguen o dereito do transmitente.

CAPITULO V.- DEREITOS E OBRIGAS DOS COMUNEIROS

ARTIGO 23.- Ademais dos que resulten dos restantes preceptos destes Estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común, son dereitos dos comuneiros:

- a) Participar na administración, control e goberno da Comunidade, se foi elixido como membro da Xunta Rectora.
- b) Dereito a información de todos aqueles datos relativos a marcha da Comunidade que lle interese coñecer, a través da lectura dos Libros Rexistro (Libro de Actas, Libro de Comuneiros e Libro de Contas) da Comunidade, no domicilio social da mesma e asistido polo Secretario ou persoa delegada por este, como depositario da documentación. Calquera veciño comuneiro poderá solicitar certificación do contido dos citados Libros, que non lles poderá ser denegada, conforme ó disposto no artigo 38 do Regulamento de Montes Veciñais en Man Común.
- c) Participar nos aproveitamentos directos e gratuítos, de acordo coas normas sinaladas pola Asemblea Xeral.
- d) Participación nos beneficios que se obteñan nos aproveitamentos con rendementos pecuniaríos.

- e) Traballar na explotación do monte, se esta fose unha das metas, co fin de evita-las medidas de protección e xestión cautelosa á que se refire o artigo 24 ou os seguintes do citado texto 13/1989, do 10 de outubro.

- f) Defendear os intereses da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, tendo que serlle reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa, sempre que prosperen as súas pretensións ou sexa aprobado pola Asemblea Xeral.

- g) Todos os demais que se deriven da súa condición de comuneiro, e, especialmente, exercitalo dereito a voto para elixir os membros da Xunta Rectora e decidir o resultado nas Asembleas Xerais, e poder presentar a súa candidatura para calquera dos cargos.

ARTIGO 24.- Ademais das que resulten dos restantes preceptos destes Estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común, son obrigas de todos os comuneiros:

- a) Cumprir fielmente os preceptos da lexislación de montes veciñais en man común, destes Estatutos e dos acordos que emanen da Asemblea Xeral e da Xunta Rectora.
- b) No suposto de afrontar a Asemblea Xeral a explotación directa do monte, efectua-las contribucións obrigatorias que pola mesma se fixen.
- c) Desempeñar con toda dilixencia os cargos da Xunta Rectora ou calquera outro para o que fose preciso.
- d) Asistir ás reunións ás que fora convocado en debida forma.

- e) No caso de explotación directa do monte, ben por toda a comunidade ou ben na forma asociativa que se determine, por a máxima dilixencia nas súas funcións e labores que teña encomendadas.

- f) Todas as demais que resulten da aplicación da lexislación de montes veciñais en man común, dos presentes Estatutos, e do desenvolvemento dos acordos da Comunidade, determinados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Rectora, dentro do ámbito da súa respectiva competencia.

CAPITULO VI.- PARTICIPACIÓN DOS APROVEITAMENTOS NO SUPOSTO DE QUE O MONTE SEXA OBXECTO DE EXPLOTACIÓN DIRECTA DOS VECIÑOS

ARTIGO 25.- A participación de cada un dos comuneiros no aproveitamento ou beneficios que sexan susceptibles de producir os referidos montes, despois de deducidos no seu caso os gastos de explotación, os xornais e demais contribucións no seu caso, investirase sempre en inversións para a conservación, mellora, protección, acceso e servizo no monte, e ó financiamento de obras de infraestrutura e servizos públicos ou de interese social.

Tales cantidades distribuiranse na forma que determine o colectivo expresado pola Asemblea Xeral, ben tomando como marco a parroquia en conxunto, ou ben distribuíndo o seu importe por lugares ou barrios, pero aplicando sempre por prioridade as obras máis importantes dende unha perspectiva de infraestrutura do monte veciñal en man común.

ARTIGO 26.- A efectos do suposto do artigo anterior, entenderase por rendementos pecuniaríos ou rendementos líquidos, aqueles que se expresan no artigo precedente e despois de respectar o corenta por cento (40%) dos mesmos para investimento, protección, accesos ou servizos derivados do uso social ó que o monte está destinado, e descontar as cantidades invertidas na explotación do monte, os xornais aboados ou gañados polos comuneiros que

teñían traballado no monte para a obtención do produto, que serán aboados ós mesmos con independencia da súa participación nos beneficios.

CAPÍTULO VII.- DISTRIBUCIÓN DAS CARGAS E DÉBEDAS NO CASO DE EXPLOTACIÓN DIRECTA DO MONTE, TOTAL OU PARCIALMENTE, POLOS VECIÑOS

ARTIGO 27.- Tendo en conta, en principio, que a Comunidade propónse a explotación do monte na forma que se dirá no seguinte capítulo, as cargas ou débedas que graven a explotación do monte, que se produzan como consecuencia da mesma, dedúzanse dos beneficios, se os houbese, ou no seu caso distribúranse mediante prorrata entre todos os comuneiros.

ARTIGO 28.- Ata que se cubran totalmente as débedas para a explotación do monte, non se procederá a distribución de beneficios, debendo destinarse íntegramente á amortización das citadas débedas.

ARTIGO 29.- Nos casos en que a Asemblea Xeral estime preciso a prestación persoal dos comuneiros para certos traballos de explotación do monte, aqueles estarán obrigados a realizalos na forma e días que indique a Xunta Rectora, con igualdade para todos os comuneiros, a aquel que non poida efectuar directamente este cometido ou por membros da súa familia, deberá presentar un xornaleiro que se ocupe de realizar tales traballos aboando este os xornais que lle correspondía realizar.

ARTIGO 30.- No suposto indicado de explotación directa do monte, no caso de que se produza o ingreso dun comuneiro no momento que existan débedas pendentes, non poderá participar en tales aproveitamentos, ata que participe na conta que proporcionalmente lle corresponda nas referidas débedas.

CAPÍTULO VIII.- MODALIDADE DE APROVEITAMENTO

ARTIGO 31.- A Comunidade proporase como meta fundamental a posta en explotación do monte, de forma que sexa susceptible de producir unha riqueza que mellore as condicións económico-sociais da Comunidade, ou de aqueles interesados directamente na explotación. Por isto, a forma primordial e obrigatoria de explotación do referido monte será a que realice a propia Comunidade, para a obtención de rendemento pecuario a curto, medio e longo prazo, de acordo coa vocación das distintas partes do mesmo e segundo un plan técnico que sinala as posibilidades de cada zona.

Tamén constituirá una finalidade fundamental da Comunidade xestionar os recursos naturais dos seus montes veciñais, e non esquecer que ten que conservar estes bens dos que é augas e aire, e así mesmo, enriquecer a diversidade autóctona, vexetal ou animal. Intimamente ligado o aquí exposto, a Comunidade terá a obriga de contribuir a formación dos menores da parroquia, fomentando o seu compromiso de coñecer e defender o ecosistema do seu entorno máis cercano.

ARTIGO 32.- Só en aqueles casos nos que a explotación en común e con rendementos pecuarios non fose posible, poderase admitir aproveitamentos directos e gratuitos, que beneficien particular ou familiar, sen proporcionarlle rendementos pecuarios inmediatos, tales como cultivos eventuais, esquimes, pinchas, leñas de matogueira, leña de calda, etc.

ARTIGO 35.- O aproveitamento do monte efectuarase de acordo co plan técnico que deberá ser aprobado pola Comunidade, se antes non fose obxecto de convenio coa Xunta de Galicia. Cando a Xunta Rectora considere que o aproveitamento que se ven realizando non é o máis conveniente para a explotación racional do monte, elevarase proposta razoada á Administración para que, no prazo de quince días, incoe expediente sobre a posible transformación da explotación na forma que regula o Regulamento de Montes Veciñais.

ARTIGO 34.- Competerá a Asemblea Xeral a toma de decisión sobre os seguintes aspectos:

- Elaboración dun sinxelo estudo vocacional do Monte.
- Elaboración dun estudo técnico-económico para cada unha das opcións de explotación.
- Estudo de financiamento, sinalando as diferentes etapas que deben sucederse ata a explotación do Monte.
- Decisión sobre a forma de aproveitamento do Monte, tales como a explotación en común por todos os comuneiros, cesión, arrendamento, etc.
- Nos casos de convenios coas administracións públicas ou con particulares, especificarase claramente a superficie e plan de aproveitamento das distintas producións gandeiras ou forestais, así como o sistema de control e seguimento do cumprimento do Convenio.

f) Decisión de mancomunarse con outras Comunidades de Montes Veciñais o fin de desenvolver conxuntamente os Plans de Explotación destes montes ou dalgúns dos seus aproveitamentos.

ARTIGO 35.- A Comunidade de Montes propietarios podería acordar, para usos gandeiros ou agrícolas de parte do monte, que poida aproveitar de modo individual mediante a distribución entre veciños comuneiros de lotes cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuito, e por un período de tempo non superior a once anos. Para a asignación dos lotes procurarase que os comuneiros que traballen conxuntamente baixo a forma de explotación unitaria da terra teñan os lotes contiguos co fin de facilitar a súa mellor explotación.

ARTIGO 36.- Cando a utilización dun lote ou sorte por parte dun particular sexa destinado a un uso distinto ou contraditorio do acordado pola Asemblea Xeral, isto dará lugar á reversión inmediata do mesmo e pasará a situación de aproveitamento colectivo.

ARTIGO 37.- Terminado o período de cesión do devandito lote, a Asemblea Xeral poderá optar polo aproveitamento colectivo do mesmo ou facer un novo reparto. Neste caso os lotes que se lle entregaron ós comuneiros non poderán coincidir cos que se aproveitaron en período anterior.

ARTIGO 38.- A Asemblea Xeral coidará de que tales lotes estean debidamente cultivados e que se poida atender a demanda para novos comuneiros que entren na Comunidade despois de feita tal distribución, reservando sempre lotes ou sortes, para que o principio de igualdade consagrado constitucionalmente inspire tales cesións de uso.

CAPÍTULO IX.- APROVEITAMENTOS

ARTIGO 39.- Os aproveitamentos do monte corresponden, no caso non especificado de que a Comunidade afronte a transformación do monte, ben directamente ou ben en calquera forma asociativa, en todo ou en parte, segundo os casos, exclusivamente ós veciños

comuneiros, sen asignación de cotas ou parcelas específicas, salvo que tratándose de aproveitamentos eventuais, a Comunidade acorde distribuír os lotes entre os seus membros, por períodos de tempo non superiores a once anos.

ARTIGO 40.- Os aproveitamentos do Monte Veciñal serán:

- a) Directos e gratuitos.
- b) Con rendementos pecuniarios.

Serán aproveitamentos directos e gratuitos aqueles que realicen os Comuneiros de modo que os produtos aproveitados redunden directamente en beneficio particular ou familiar sen proporcionar rendementos pecuniarios inmediatos.

Serán aproveitamentos directos e gratuitos os seguintes:

- 1.- Pastoreo de gando propiedade dos membros da Comunidade, xa sexa en forma individual ou colectiva.
- 2.- Esquilmes, leñas caldas, pinocha, matogueiras, etc. cando non sexa aproveitamento con rendemento pecuniario.
- 3.- A caza, cando non sexa aproveitamento con rendemento pecuniario e sexa feito pola Comunidade dito recurso sen establecemento de Coto.
- 4.- Cultivos eventuais de terreos do monte.

Nos aproveitamentos directos e gratuitos, a participación será a precisa para satisfacer as necesidades familiares e a explotación agraria do titular.

Se algún destes aproveitamentos chegara a escasear ou se fora conveniente, a Xunta Rectora proporá á Asemblea Xeral o sistema de distribución e limitacións que considere máis idóneo para compensar a escaseza coas necesidades dos Comuneiros e beneficio do Monte.

ARTIGO 41.- Para a explotación parcial ou total do monte poderán ser utilizadas as augas baldías superficiais ou soterradas pola propia Comunidade mediante acordo de Asemblea Xeral.

Estas augas poderán ser cedidas, en precalo, para o seu aproveitamento por períodos prorrogables, co acordo da maioría dos veciños comuneiros. A cesión formularase por contrato escrito en que se farán constar os dereitos e obrigas de cada unha das partes.

Cando os aproveitamentos destas augas redunden en beneficio directo dos veciños propietarios do monte, a Asemblea Xeral poderá acordar a cesión por tempo indefinido e carácter definitivo das mesmas. Todo isto, sen prexuízo do que ó efecto dispón a lexislación vixente.

ARTIGO 42.- As ramas e despoños procedentes de arborado cortado serán distribuídas entre todos os comuneiros interesados, facendo lotes aproximadamente iguais.

ARTIGO 43.- En caso de que calquera produto de rendemento directo e gratuito non sexa aproveitable en todo ou en parte, a Xunta Rectora da Comunidade procederá a súa venda investindo o produto obtido en inversións para a conservación, mellora, protección, accesos e servizos no monte, así como os gastos de conservación e mellora do monte, e o financiamento de obras de infraestrutura e servizos públicos ou de interese social para o monte.

ARTIGO 44.- Co fin de protexer, fomentar e ordenar a caza, a Asemblea Xeral poderá consentir a constitución dun coto de caza, sobre a totalidade ou parte do monte, establecendo para isto as limitacións ou condicións que estime adecuadas sobre os Estatutos, previamente presentados, da Sociedade de Caza que se pretenda constituir, sometendo os terreos do mesmo ó réxime especial cinexético da vixente Lei de Caza.

Estes aproveitamentos considéranse, salvo acordo contrario da Comunidade, directos e gratuitos.

O exercicio do dereito á caza, corresponderá e así se detallará nos Estatutos da Sociedade de Caza que se constitúa, ós comuneiros e a cantas persoas convivan no seno da familia dun titular, coa condición de ser socios de dita Sociedade de Caza.

Así mesmo, a Asemblea Xeral poderá considerar, si existe unha Sociedade de Caza que abarque a todas ou algunhas das parroquias do municipio ou das limitrofes, ceder este aproveitamento á mesma, de modo gratuito ou remunerado, como exprese o acordo Asembleario que ó respecto se tome.

A caza non terá fins comerciais, industriais ou lucrativos, mentres se considere un aproveitamento directo e gratuito.

ARTIGO 45.- 1.- Considéranse aproveitamentos con rendementos pecuniarios, entre outros, os seguintes:

- Ventas de madeira, pastos ou calquera aproveitamento que produza o monte susceptible de xerar diñeiro.
- Alugamento de pastos.
- Alugamento de canteiras ou similares, ou cesión do dereito de superficie.
- Minas alugadas ou explotadas directamente.
- Alugamento de parcelas ou cesión das mesmas por medio de dereito de superficie ou cesión de uso.
- Alugamento, cesión de dereito de superficie ou dereito de uso de calquera aproveitamento do monte ou parte do mesmo.
- A caza mediante alugamento ou explotación directa, no caso de que se considere e así sexa acordado pola Comunidade en Asemblea Xeral.
- Cesión de calquera tipo, mediante alugamento de uso ou superficie de todo ou parte do monte para calquera forma asociativa.
- Outros que se poidan establecer.

2.- De todos os ingresos percibidos polos anteriores conceptos, reservárase o 40% para investir na conservación e mantemento do monte.

ARTIGO 46.- As actuacións sobre o aproveitamento do monte en función das necesidades da Comunidade previstas nos artigos anteriores, estarán suxeitas a plans de aproveitamento racional do monte.

ARTIGO 47.- A venda dos aproveitamentos de madeira ou de calquera outro rendemento pecuniario farase sempre en pública subasta, con fixación de editos nos lugares públicos de costume, e incluso no Boletín Oficial da Provincia, se así o tivera acordado a

Asemblea Xeral de Comunidades. Os membros da Comunidade poderán asistir á paxa e participar nela, someténdose ás condicións establecidas para a mesma.

Os alleamentos de aproveitamento de madeira que, por decisión da Xunta Rectora, realízanse en trámite de urxencia en beneficio da limpeza, mantemento e accesos ó monte, non están suxeitos a paxa pública cando non exceden o importe de 3.000 euros.

ARTIGO 48.- Serán aproveitamentos non pecuarios nln directos aqueles que para a súa consecución requiran o establecemento dunha empresa agropecuaria ou industrial que esixa contribución de capital, man de obra remunerada, organización técnica empresarial, así como proceso continuo de produción, con autonomía económica e independente e propia.

ARTIGO 49.- A Comunidade poderá facilitar á Xunta Rectora para que realice, previo acordo da Asemblea Xeral, en caso de que interese, as xestións necesarias co fin de mancomunarse coas comunidades doutras localidades que posúan montes veciñais en man común, para realizar xuntamente os plans de explotación dos mesmos, para algún dos seus aproveitamentos ou para a súa defensa, especialmente no referido ós incendios forestais e demais riscos a que poida estar suxeito o monte.

ARTIGO 50.- Para a conservación ecolóxica e ambiental do monte, a Xunta Rectora da Comunidade, previa autorización da Asemblea Xeral, poderá tomar medidas legais contra os infractores ecolóxicos do mesmo.

CAPÍTULO X.- ÓRGANOS DA COMUNIDADE

ARTIGO 51.- O goberno e a administración da Comunidade de montes realizarase por:

- a) A Asemblea Xeral de Comunidades.
- b) A Xunta Rectora.

CAPÍTULO XI.- ASEMBLEA XERAL DE COMUNIDADES

ARTIGO 52.- A Asemblea Xeral de Comunidades é o órgano supremo da Comunidade, que expresará a vontade da mesma e estará composta por todos os veciños comunais.

ARTIGO 53.- A Asemblea Xeral reunirse obrigatoriamente unha vez ó ano, en sesión ordinaria, nos seis primeiros meses do ano natural en curso, para coñecer e aprobar, se procede, entre outros asuntos que se propoñan, as contas do exercicio anterior.

Serán extraordinarias todas as demais reunións que se convoquen polo presidente, a propia iniciativa, a instancia de polo menos o 25% da Xunta Rectora ou do 20% dos comunais. Neste último caso a solicitude irá acompañada dos nomes de comunais con número de DNI e firmas.

ARTIGO 54.- As convocatorias para a Asemblea Xeral, tanto en reunión ordinaria como extraordinaria, serán efectuadas polo Presidente da Comunidade, mediante escrito que entenderá o Secretario, que será notificado a todos os comunais cun mínimo de dez días de antelación, indicando o lugar, data e hora en que se celebrará, en primeira e segunda convocatoria, o seu carácter ordinario ou extraordinario, e incluíndo na orde do día os asuntos a tratar. Publicarase dita convocatoria nos lugares de costume, nos barrios de Cuspedeiros, Cutián e San Xurxo, cun mínimo de dez días de antelación.

ARTIGO 55.- Para a validez de acordos requíranse, en primeira convocatoria, a asistencia da maioría dos comunais inscritos no correspondente censo, e en segunda

convocatoria, o 25% polo menos dos mesmos. Entre a primeira e segunda convocatoria deberán transcorrer como mínimo dúas horas.

ARTIGO 56.- A asistencia ás reunións da Asemblea Xeral deberá facerse polo propio comunal, ou ben por delegación noutro comunal, quen deberá presentar o escrito de delegación á Mesa ó comezo da reunión. Non obstante, ningún asistente poderá ostentar máis dunha representación nln emitir máis dun voto, ademais do seu.

En todo caso, a delegación haberá de ser expresa para cada Asemblea Xeral, e deberá presentarse á mesa de control antes do comezo da mesma.

ARTIGO 57.- Excepto nos casos expresamente tipificados na Lei de Montes Veciñais en Man Común, e o seu regulamento, ou os presentes Estatutos, os acordos deberán ser tomados pola maioría dos asistentes e obrigaran a todos os comunais.

O réxime de maiorías será o seguinte:

a) A aprobación, reforma ou rexiste dos Estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición correspondente á Asemblea Xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría dos presentes que represente, polo menos, o cincuenta por cento (50%) dos comunais en primeira convocatoria e o trinta por cento (30%) na segunda.

b) Para a aprobación da xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral será suficiente a maioría simple dos asistentes, que representen polo menos o cincuenta por cento (50%) do censo dos comunais en primeira convocatoria, e o vinte e cinco por cento (25%) en segunda convocatoria.

ARTIGO 58.- Do resultado da reunión levantarase a correspondente Acta polo Secretario, na que deberá constar a decisión de maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día, expresando o número de votos en contra, e cando algún dos asistentes fixera constar a súa posición, farase constar o seu nome e apelidos.

ARTIGO 59.- É competencia da Asemblea Xeral de Comunidades:

1. Elección do Presidente e demais cargos da Xunta Rectora.
2. Aceptación de novos comunais que reúnan os requisitos necesarios, a proposta da Xunta Rectora.
3. O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso dos novos comunais, cando proceda, como consecuencia de participar en aproveitamentos creados pola propia Comunidade.
4. Decidir sobre a perda total ou parcial dos dereitos dalgun comunal.
5. Resolver as discordias entre comunais en cuestións relacionadas coa administración do Monte.
6. Aprobar os presupostos anuais, investimentos, remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunais, créditos, convenios e as contas do exercicio.
7. Aprobar as posibles federacións, unións e mancomunidades con outras comunidades.
8. Reformar os presentes Estatutos

9. Concertar cesións de uso, arrendamentos, dereitos de superficie, así como explotacións diversas no monte, e posibles modificacións, a proposta da Xunta Rectora.

10. Interpoñer as accións xudiciais que se consideren precisas para a defensa dos Intereses da Comunidade.

11. Realizar permutas de terreos de carácter veciñal con outros próximos de calquera orixe, sempre que cumpran o principio de proporcionalidade que se establece na Lei 13/1989, de 10 de Outubro, dando conta desto o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común.

12. Tódalas medidas relativas a protección e xestión cautelar que se establezan pola Consellería de Medio Rural.

13. Xestionar o cumprimento de medidas de prevención do monte e loita contra incendios forestais na forma que se determine pola expresada Consellería cada ano, sen prexuízo de que a propia Comunidade afronte por si as que considere convenientes en defensa do seu patrimonio colectivo.

14. Aprobación da distribución de aproveitamentos, beneficios pecuniaros e cargas, no suposto de explotación colectiva, total ou parcial do monte.

15. Ratificación e rectificación de tódolos acordos da Xunta Rectora que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros da Asemblea Xeral.

16. Imposición de sancións e determinación da súa contía tipificada por lei vixente ós infractores das normas ditas pola Asemblea Xeral e a Xunta Rectora.

17. Así mesmo, e de forma concreta, todo o referente a autorizacións e concesións para poder constituir e explotar espazos de monte ou dos seus recursos, sinalando ó efecto as cotas a percibir por tales conceptos.

18. Resolver as reclamacións previas á vía xudicial contra os acordos adoptados pola mesma e pola Xunta Rectora.

19. Todo o relativo a deslinde e a marcxas parciais ou totais do monte.

20. Aprobación das áreas de utilidade pública.

21. Promover a creación de entidades sen ánimo de lucro, que lle dean cobertura ás inversións ou bens alicios ó monte.

22. Promover a creación de Asociacións e/ou Fundacións sen ánimo de lucro, que teñan como obxecto a mellora das condicións sociais e medio ambiente tanto parroquial, como do monte e do seu comuneiro e dean cobertura ós investimentos realizados por compra de montes privados, leiras, solares, bens inmobles, etc.

23. Tanto as Asociacións como Fundacións que se creen ó amparo do apartado anterior, deberán ser presididas por un representante da Xunta Rectora da Comunidade de Asociacións ou Fundacións que se crean deberá ser superior polo menos ó 51%.

24. Correspóndelle formar parte, tanto das Asociacións como das Fundacións referidas no apartado anterior, a todos os Comuneiros da Comunidade de Montes, nunha porcentaxe polo menos non inferior ó 70%.

25. Aprobación da Inscripción no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria e en todos aqueles que fóra necesario para cubrir tódalas necesidades de tipo funcional e legal.

Página 16 de 23

26. Realizar cantos actos sexan necesarios para a boa marcha da comunidade, explotación do monte e dos seus recursos e convenios a realizar para a cesión, permuta ou adquisición de bens e dereitos que poidan variar o acervo patrimonial da Comunidade.

27. Cantas outras estean atribuídas polas disposicións en vigor, ou as que se diten no futuro, e cantas houbera se lles atribúan nos presentes Estatutos, especialmente no tema de exercicio de voto e elección de cargos da Comunidade e tamén todas aquelas funcións que non estean expresamente encomendadas a Xunta Rectora.

CAPÍTULO XII.- A XUNTA RECTORA

ARTIGO 60.- A administración e xestión da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xurxo de Sacos corresponderá á Xunta Rectora, que estará constituída, como mínimo, por:

- Presidente
- Vicepresidente
- Secretario
- Tesoureiro

- Vogais: O número de vogais será aquel que se considere apropiado para unha boa representación dos comuneiros e, a ser posible, que represente ós barrios de Cuspedriños, Cutián e San Xurxo.

ARTIGO 61.- Os referidos cargos son gratuitos e honoríficos e terán a duración de catro (4) anos, podendo ser reelixidos. Cesarán nos mesmos durante a súa lexislatura, sendo substituídos por outros elixidos en Asemblea Xeral, nos seguintes casos:

- a) Falecemento ou incapacidade de obrar.
- b) Perda da condición de comuneiro ou revogación da representación que ostenta.
- c) Renuncia expresa admitida pola Asemblea Xeral
- d) Remoción pola Asemblea Xeral Extraordinaria, a petición do 20% dos comuneiros, aprobada pola maioría simple, sempre que concorran a esta Asemblea o 25% dos comuneiros na segunda convocatoria.
- e) Por tres faltas consecutivas de asistencia inxustificadas ás reunións da Xunta Rectora.

ARTIGO 62.-

1.- A Xunta Rectora reunirse, en sesión ordinaria, polo menos, cada tres (3) meses e en sesión extraordinaria, cando o dispoña o Presidente ou o pida calquera dos seus membros.

2.- Para que quede validamente constituída a Xunta Rectora deberá asistir a maioría dos seus membros e, en tódolos casos, o Presidente ou, coa súa delegación, o Vicepresidente.

Página 17 de 23

Os acordos adoptaranse pola maioría dos asistentes e, en caso de empate, decidirá o Presidente. A Asistencia ás reunións da Xunta Rectora será sempre persoal, sen que se admitan delegacións.

3.- A convocatoria das reunións, tanto ordinarias como extraordinarias, será realizada polo Secretario a cada un dos membros con 24 horas, como mínimo, de antelación, indicando data, lugar e hora da reunión, tanto en primeira como en segunda convocatoria e incluíndo a orde do día da reunión.

4.- Considerárase que existe quórum se asiste a metade máis un dos membros na primeira convocatoria e, o menos, un terzo dos membros na segunda, que deberá celebrarse como máximo media hora máis tarde que a primeira. As decisións adoptaranse por maioría simple, co voto de calidade do Presidente, en caso de empate. As decisións así tomadas obrigarán a toda a Xunta Rectora.

ARTIGO 63.- Son funcións da Xunta Rectora:

1. Execución dos acordos da Asemblea Xeral
2. Presentación á Asemblea Xeral das propostas de novos comuneiros, imposición de períodos de carencia, cotas de ingreso, sancións e separacións de comuneiros.
3. Confección e presentación á Asemblea Xeral de orzamentos e balances.
4. Promover a confección de plans ou cambios nos mesmos para o mellor aproveitamento do monte.

5. Decidir sobre a interposición de accións xurídicas, administrativas ou de outra orde que sexan necesarias, dando conta á Asemblea Xeral na primeira reunión que se celebre para a súa ratificación. Todo isto sen prexuízo das facultades que por razóns de urxencia se outorgará ó Presidente da Comunidade.

6. Aprobar e realizar desembolsos que impliquen movementos inferiores a 3.000 euros, cantidade que será actualizada anualmente co I.P.C.

7. Impulsar o funcionamento da Comunidade co fin de evitar as accións de protección e xestión cautelar atribuídas á Administración Pública e, en especial, que os montes veciñais da Comunidade se declaren en estado de grave abandono ou degradación, todo isto sen prexuízo de solicitar da Consellería correspondente as axudas necesarias para evitalo.

8. Cantas outras estean atribuídas polas disposicións en vigor, ou as que se diten no futuro, e cantas se lles atribúan nos presentes Estatutos, especialmente no tema de exercicio de voto e elección de cargos da Comunidade, e tamén todas aquelas funcións que non están expresamente encomendadas á Xunta Rectora.

ARTIGO 64.- O Presidente da Xunta Rectora ostentará, xudicial e extraxudicialmente, a representación da Comunidade; non obstante, poderase nomear polos órganos da Comunidade Presidente da Xunta Rectora ó representante legal da Comunidade, podendo, ó efecto, defendela sen necesidade de contar coa Asemblea Xeral en caso de urxencia, pero si coa Xunta Rectora, con obriga de someter a ratificación da Asemblea Xeral, na primeira reunión que se celebren os actos realizados en defensa da Comunidade, sexan estes na vía xudicial, administrativo ou de calquera outra orden para a súa confirmación ou rexeitamento.

O Vicepresidente substituirá ó Presidente na súa ausencia en asuntos de representación e auxiliará ó Presidente nos trámites da súa competencia.

ARTIGO 65.- O Secretario será o encargado das citacións, actos, correspondencia, certificacións, libro de actas e censo de comuneiros e, en xeral, de toda a documentación da comunidade.

ARTIGO 66.- O Tesoureiro será o encargado de realizar os pagos e ingresos, dar as ordes e realizar as xestións para desenvolver o patrimonio comunitario, rexistrar nos libros de contabilidade a marcha económica da Comunidade e os movementos de capital.

En resumo, está encargado de controlar a xestión económica e controlar o capital da Comunidade, reflectindo toda esa xestión nos libros de contabilidade.

Os fondos da Comunidade serán depositados en contas bancarias a nome da mesma e a súa disposición se fará, en execución do presuposto ou acordo do órgano de goberno competente, mediante as sinaturas do Presidente e do Tesoureiro ou do Secretario en substitución de un calquera dos anteriores en caso de ausencia, enfermidade, ou imposibilidade por calquera outro motivo.

ARTIGO 67.- Os Vogais terán as funcións que lles encomende a Xunta Rectora. Prestarán a súa función colaborando co Presidente, Secretario ou Tesoureiro nos asuntos que estes precisen.

CAPÍTULO XIII.- OUTROS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 68.- A Asemblea Xeral poderá nomear comisións xestoras para a mellor administración en certas áreas do monte ou do seu patrimonio, de explotacións concretas ou cumprir misións específicas dentro da Comunidade, composta por un Presidente e dous vogais, elixidos entre os que teñan interese directo no obxecto para o que se constitúen. Ditas comisións terán as facultades que a Asemblea Xeral ou a Xunta Rectora lles asigne nas cuestións que lles foron encomendadas. Os seus acordos serán ratificados ou rexeitados pola Asemblea ou pola Xunta Rectora, segundo a competencia de cada órgano.

ARTIGO 69.- A Comunidade poderá contratar con profesionais ou empresas cualificadas os aspectos máis técnicos da xestión, como poden ser o cumprimento de normas contables, trámites tributarios, trámites coa Seguridade Social, técnicos de montes e xestión forestal, letrados e outros de especial dificultade que requiran unha formación especializada. Estes profesionais responderán ante a Xunta Rectora e a Asemblea, ademais das responsabilidades a que legalmente estivesen suxeitos por contrato. O seu deber principal será velar polos intereses xerais da Comunidade. A Comunidade tamén poderá contratar persoal propio para os labores administrativos especializados, feito que deberá coñecer a Asemblea.

CAPÍTULO XIV.- RESPONSABILIDADES DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 70.- A Asemblea Xeral será a responsable ante os comuneiros da boa marcha da Comunidade e do cumprimento das súas obrigas dos presentes Estatutos e da Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común.

ARTIGO 71.- A mesma responsabilidade incumbe á Xunta Rectora, tanto polo que respecta ós asuntos da súa competencia, como ós que lle encomende a Asemblea Xeral, e dos danos e prexuízos que ocasionen á Comunidade por culpa, dolo, negligencia ou morosidade na súa actuación.

A responsabilidade da Xunta Rectora será sempre colectiva, a non ser que algún dos seus membros traspasen as facultades que lles foron conferidas e actúen a nivel persoal con terceiros, caso en que se lles esixirá responsabilidades individualmente. Todo elo sen prexuízo das responsabilidades cívicas e criminais en que incorra cada un dos seus membros.

Os membros da Xunta Rectora responderán sempre dos danos e prexuízos que lle ocasione á Comunidade de Montes, por culpa ou negligencia no desempeño da súa misión.

CAPÍTULO XVI.- IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FACULTADE DA COMUNIDADE PARA REVOCALOS

ARTIGO 72.- Os acordos da Asemblea Xeral contrarios ás Léis de Montes Veciñais en Man Común ou ó seu Regulamento, as infraccións dos presentes Estatutos e os non adecuados ós intereses xerais, poderán ser recorridos por calquera dos comuneiros dentro dos trinta días naturais seguintes á Asemblea en que se adoptou o acordo; e sesenta días naturais seguintes se non se asistiu a devandita Asemblea Xeral, debendo resolver a Asemblea sobre tal recurso dentro dos trinta días naturais seguintes á súa presentación. Tal resolución poderá ser impugnada ante a Xurisdición ordinaria dentro dos dous meses seguintes.

Os recursos interpostos polos comuneiros ós que se refire o presente artigo tramitaranse conforme a Lei de Procedemento Administrativo con invocación do precepto infrinrido, con todas as garantías que establecen as súas normas de desenvolvemento.

ARTIGO 73.- Se se trata de acordos da Xunta Rectora que adoezan dos mesmos defectos, deberán ser impugnados polos comuneiros que se crean danados ante a Asemblea Xeral nun prazo de quince días naturais dende a súa publicación e a súa resolución entón poderá ser impugnada na forma prevista no artigo anterior.

ARTIGO 74.- A Asemblea Xeral poderá revocar calquera acordo tomado pola mesma ou pola Xunta Rectora, pero para isto requirirase que concorran as circunstancias do artigo 18 parágrafo 1º da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Cando tales acordos fosen contrarios os presentes Estatutos, á Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, ou violasen a lexislación xeral, poderán ser suspendidos polo Presidente ata a reunión da referida Asemblea cando así o solicite calquera dos membros da Xunta Rectora ou o 20% dos comuneiros.

Se tales acordos foran ratificados pola Asemblea reunida ó efecto poderán ser executados, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra a propia Comunidade, se se ordena a súa revogación pola Xurisdición Competente.

CAPÍTULO XVI.- ELECCIÓN DE CARGOS DA XUNTA RECTORA. DAS ELECCIÓNS.

ARTIGO 75.- Unha vez rematado o mandato da anterior Xunta Rectora da Comunidade, o Presidente da Comunidade convocará asemblea xeral a fin de:

- a) Convocar eleccións para elixir os membros que compoñan a Xunta da Comunidade.
- b) Sinalar o lugar, día e hora para a celebración da Asemblea Xeral para tal elección.
- c) Designar de entre os comuneiros, co obxectivo de compoñer a mesa electoral, ó Presidente da Mesa, ó Secretario e dous vogais, así como catro suplentes e a sucesiva

aceptación dos designados para o desempeño do cargo. Desempeñará as funcións de presidente da mesa o comuneiro designado de maior idade, e de Secretario o de menor idade dos seus compoñentes.

ARTIGO 76.- A designación efectuada e a aceptación manifestada para o desempeño de tal cometido, e renunciábele por imposibilidade ou caso de necesidade xustificada, sempre que tal renuncia se efectúe cando menos con dez días de antelación á celebración da Asemblea Xeral para efectuar tal elección, presentándose por escrito, dirixido ó Presidente da Comunidade que, de acreditarse os extremos da imposibilidade ou caso de necesidade xustificada, comunicará ó primeiro dos suplentes a designación para o cargo na mesa, e así, sucesivamente.

ARTIGO 77.- A Asemblea para a elección da Xunta Rectora da Comunidade convocarase cando menos con 10 días de antelación.

ARTIGO 78.- As distintas candidaturas depositaranse para a súa formalización ante a Secretaría da Xunta Rectora da Comunidade, por calquera dos seus compoñentes en escrito no que figure a composición da mesma e os cargos a que cada un aspire, con 24 horas de antelación á celebración da Asemblea.

ARTIGO 79.- As candidaturas que loiten por ocupar os distintos cargos da Xunta Rectora da Comunidade poderán designar cada unha delas un interventor, que non sexa candidato a ningún dos cargos, na mesa electoral para que fiscalice a claridade das eleccións. Se por calquera circunstancia, non se presenta ningunha candidatura, os cargos da Xunta Rectora da Comunidade serán nomeados pola Asemblea Xeral reunida e co maior consenso posible.

ARTIGO 80.- Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións reflectirase na acta que o Secretario da Mesa levante, e resolveranse na Asemblea Xeral que se celebrará a continuación do escrutinio e recuento de votos, procedendo a Asemblea Xeral a resolver sobre os mesmos. Tal acordo poderá ser impugnado perante a Xurisdición Ordinaria, dentro dos dous meses seguintes, sen que sexa de aplicación ó presente caso o disposto no artigo 72 destes Estatutos.

ARTIGO 81.- Unha vez resolto sobre os incidentes e recursos a que se refire o artigo anterior, acordarase a validez das eleccións, do escrutinio e recuento de votos, procedéndose a continuación a declarar electos para os cargos da Xunta da Comunidade, tomando acto seguido posesión dos mesmos.

CAPÍTULO XVII.- EXTINCIÓN DA COMUNIDADE

ARTIGO 82.- A Comunidade extinguirase por calquera das causas seguintes:

- 1.- Por Disposición Legal que así o ordene.
- 2.- Por renuncia de todos os comuneiros.
- 3.- Por perda da propiedade do Monte, calquera que sexa a súa causa.
- 4.- Por deixar de existir veciños na Parroquia.
- 5.- Por imposibilidade de continuar desenvolando as actividades comunitarias para as que se constituíu.

ARTIGO 83.- No suposto de deixar de pertencer o monte á Comunidade e ser substituídos por outros bens, poderá continuar a existencia da mesma e a explotación dos bens substituídos sempre que así o acorde a Asemblea Xeral.

ARTIGO 84.- Cando o tempo que se expropie o monte extingase a Comunidade titular do mesmo, o importe do xustiprezo poderá investirse, cando así o acorde a Asemblea Xeral, na adquisición doutro monte: finca ou inmoble, se existiu trasiado a outra poboación, aldea ou lugar que facilitase calquera entidade pública ou privada ou ben fose xestionado pola propia Comunidade.

ARTIGO 85.- Cando non fose posible o previsto no artigo anterior, a Asemblea Xeral, por maioría dos seus membros, decidirá sobre o emprego e xusta distribución do importe correspondente á expropiación dos bens comunais, pero esta non desaparecerá, en expectativa do dereito de reversión dos mesmos.

De extinguirse ou desaparecer a Comunidade de veciños titular do monte, de forma provisional e ata que se reconstrúa a Comunidade e sempre que a Parroquia de onde radique o monte non exerza o dereito conferido no artigo 20 da Lei de Montes Veciñais 13/89, os montes serán xestionados de forma cautelosa pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Unha vez extinguida a Comunidade, procederase a súa liquidación pola Xunta Rectora, salvo que a Asemblea Xeral acorde o nomeamento de Liquidadores especiais. A Asemblea Xeral poderá nomear os interventores que considere convenientes.

Os bens comúns, os que os substituirán, ou as indemnizacións que se reciban por tal motivo, terán o destino que marque a disposición legal que ordene a extinción da Comunidade, de conformidade co que dispón o artigo 29 da Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común.

CAPITULO XVIII.- DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

PRIMEIRA

A aprobación, reforma ou revogación destes Estatutos correspóndelle á Asemblea Xeral, requirindo a convocatoria expresa e voto favorable da maioría dos presentes que representen, polo menos, o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% en segunda.

SEGUNDA


Os Estatutos polos que se vifa revendo a Comunidade quedan derrogados e substituídos polos presentes, que terán plena validez o día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral.

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación en Asemblea Xeral, e serán remitidos ó Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común a través da Dirección Provincial, con orixinal e copia asinados polo Presidente e Secretario da Xunta Rectora, a composición desta mediante Certificación do Libro de Actas correspondente, a Certificación de que foron aprobados por Asemblea Xeral cos requisitos e as formalidades legais e unírase copia auténtica do Libro Rexistro de comuneiros actualizado ó mes de Xaneiro.

CAPITULO XIX.- DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA.- Os presentes Estatutos foron elaborados de acordo coa Lei 2/2006, de 14 de Xuño, de Dereito Civil de Galicia, Lei de Montes Veciñais en Man Común do 10 de outubro de 1989 e o Regulamento do 4 de setembro de 1992, e serán reformados no seu caso por calquera outra Lei que sobre Montes Veciñais se publique no futuro ou, no seu defecto, a Lexislación Xeral.

Os presentes Estatutos foron aprobados en Asemblea Xeral extraordinaria celebrada o día catorce de setembro de dos mil catorce.


O Presidente




O Secretario

